

# DECLARACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROUS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA, COETG, CO GALLO DO DÍA MUNDIAL DAS TELECOMUNICACIÓNS E DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN 2009

O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG) quere dirixirse un ano máis a toda a sociedade galega co gallo do Día Mundial das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2009, que mañá, 17 de maio, se celebra en todo o mundo.

A Electrónica e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (ETIC) constitúen unha oportunidade real para superar o actual contexto de crise económica no que estamos inmersos e configúranse como o soporte preciso sobre o que desenvolver os cambios estruturais necesarios para afrontar o novo escenario. Neste contexto, o sector das telecomunicacións consolídase como un ámbito enormemente produtivo que exerce un efecto multiplicador na economía contribuindo a incrementar notablemente o Produto Interior Bruto (PIB) e a xeración de emprego. A súa transversalidade convérteo no motor e impulso dos demais sectores, afectando directamente á competitividade e á produtividade das empresas e establecendo unha fenda entre as que toman ventaxa do seu uso e as que non o fan. Polo que o investimento no sector ETIC é unha das pezas fundamentais para aumentar a produtividade e a competitividade do tecido empresarial galego.

Nesta liña, estamos convencidos de que as ETIC, a innovación e a confianza son a receita fronte á crise. Pero para incrementar a produtividade hai que investir nas telecomunicacións, establecendo medidas correctoras que promovan o despregue de infraestruturas de última xeración e optimicen as redes de comunicacións. Así mesmo, que a sociedade gaña confianza e seguridade no coñecemento e manexo axeitado das novas tecnoloxías será clave para reforzar a presenza das telecomunicacións entre cidadáns e empresas mediante políticas públicas de seguridade da información e fomento da accesibilidade a os servizos da Sociedade da Información.

A industria da Electrónica e as Telecomunicacións é un dos sectores que menos está a sufrir a crise, xa que está mantendo a súa cota de ingresos e emprego a pesar da recesión mundial que sofren outros sectores.

Así desde o COETG entendemos que hai que potenciar de xeito prioritario a industria do sector das ETIC en Galicia como motor para saír da crise e situarnos no lugar que nos corresponde na circunscrición europea. Para isto é imprescindible o apoio da Administración Autonómica e o de todos os axentes implicados, entre os que, sen dúbida, se atopa o COETG.

Tamén mañá, 17 de maio, celebramos o Día das Letras Galegas, unha data sinalada na que poñemos de manifesto a relevancia da lingua galega como o noso elemento de comunicación. O COETG aposta firmemente porque a nosa lingua teña un lugar dentro destas novas tecnoloxías da información. Desde o COETG agardamos que estes esforzos frutifiquen no progreso do noso País e en beneficio de todos os cidadáns.

**Asdo.Ramón Bermúdez de Castro Olavide**  
**Decano COETG**



colexio oficial  
**enxeñeiros de telecomunicación**  
galicia